

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

ESCENAS DO CAMBIO

7–10 Maio 2026

**Festival de teatro,
danza e arte
en acción**

DOSSIER DE PRENSA



**XUNTA
DE GALICIA**

ESCENAS DO CAMBIO 2026. REVELESENCIA

Revelesencia non é un regreso. É unha aparición.

Hai algo que insiste. Algo que, aínda cando parece diluído ou desprazado, permanece latexando baixo a superficie. *Revelesencia* nomea ese instante no que o que persistía en silencio volve facerse visible, non como nostalxia, senón como transformación consciente.

Se en 2025, con *Lostopía*, explorabamos en *Escenas do cambio* a tensión entre o perdido e o que aínda eramos capaces de imaxinar, en 2026 decidimos soste-la fenda aberta no festival. Non acelerar cara ao futuro nin romantizar o pasado, senón habitar o presente como un territorio onde persistir, revelarse e reinventarse forman parte dun mesmo ciclo.

Hai corpos que se negan a desaparecer. Corpos que gardan memoria, que transmiten experiencia, que cargan con xenealoxías invisibles. En *Black Box – Unha saga épica*, Hugo Torres converte a historia familiar en arquivo vivo; en *El Vacío*, Julio César Iglesias sitúa ao corpo coral fronte á fragmentación contemporánea coa Compañía Colombiana de Danza Contemporánea; e en *La Cura*, esa mesma compañía atravesa o colapso como tránsito cara á reconexión. Non son pezas illadas, senón un diálogo profundo sobre decadencia e transformación. O baleiro non se clausura: atrávesase. A cura non nega a ferida: incorpóraa como parte do proceso de renacemento.

A memoria tamén é territorio e desprazamento. En *Horizontes Errantes*, Laura Aris e Jacob Jautz transforman o camiñar en pensamento escénico, facendo da paisaxe un interlocutor activo. A Cidade da Cultura deixa de ser contedor para converterse en corpo que se percorre. Nesa mesma activación do espazo, 52-BLAU inaugura Escenas do cambio como experiencia inmersiva e mutable: un corpo que intenta sobrevivir na inmensidade, reinventándose segundo a arquitectura que o acolle. Ambas as propostas reafirman o ADN do festival: a arquitectura como dramaturxia viva.

Revelesencia tamén ilumina aquilo que quedou fóra do cadro. *Entrecruzad@s* encarna corpos atravesados por estigmas sociais e converte a diferenza en potencia escénica. *Hecatombe II – Movements e rituais para a renovación do mundo* introduce saberes ancestrais en diálogo coa urxencia contemporánea, propoñendo a escena como cerimonia de escoita e reconfiguración do vínculo coa terra. O invisible faise visible non por estética, senón por necesidade ética.

No terreo do relacional, *La Calidesa* transforma a experiencia teatral en acto de acompañamento, construíndo un espazo onde a soidade atopa calor compartida. *Fear:less*, de Silke Z., indaga no medo colectivo rexistrado na pel, devolvéndolle ao corpo a súa condición de acontecemento real nun mundo saturado de pantallas e distancias. A proximidade como risco e revelación.

**ESCENAS DO CAMBIO 2026 PROPÓN CONDICIÓNS
PARA QUE AQUILO QUE PARECÍA ESGOTADO POIDA
REFORMULARSE. PARA QUE O INVISIBLE ATOPE ESPAZO.
PARA QUE O BALEIRO NON SEXA CLAUSURA, SENÓN INICIO**

A celebración tamén se revisa. *Este himno levará a palabra Euforia*, de La Intrusa, converte a exaltación en reflexión lúcida sobre o desgaste emocional contemporáneo. A festa non é evasión, senón espello. A caída non é fracaso, senón conciencia. Noutro rexistro, *Arder Épica (Capítulo 1)* activa a palabra autobiográfica como ritual colectivo, entrelazando memoria, feminismo ancestral e comunidade nun espazo circular compartido. O encontro previo a *Arder Épica* prolonga esta dimensión, lembrando que a experiencia artística comeza antes da función e continúa despois.

No centro desta constelación sitúase o Comando Dramatúrxico, non como dispositivo paralelo, senón como conciencia viva do festival. Acompaña, observa, escribe, traduce, conversa. Converte a programación en pensamento compartido e transforma a experiencia escénica en memoria activa. A dramaturxia do festival non se limita a ordenar pezas: constrúe relacións.

Revelesencia non organiza o festival *Escenas do cambio* como unha suma de espectáculos, senón como unha arquitectura sensible onde as obras se responden entre si. Persistir, revelarse e reinventarse non son categorías illadas, senón movementos que se atravesan mutuamente: o corpo que lembra, o corpo que expón, o corpo que se transforma.

A Cidade da Cultura, unha vez máis, non é escenario neutro. É territorio activo. A

pedra, o vento e a luz dialogan cos corpos que o habitan. O espazo convértese en interlocutor.

Escenas do cambio 2026 non propón respostas pechadas. Propón condicións. Condicións para que aquilo que parecía esgotado poida reformularse. Para que o invisible atope espazo. Para que o baleiro non sexa clausura, senón inicio. Revelesencia é, en definitiva, un acto de presenza colectiva. Un recordatorio de que algo segue latexando. E que, se somos capaces de escoitalo, pode transformarse en futuro.

Kirenia Martínez Acosta

Directora artística de
Escenas do cambio 2026

PROGRAMA

XOVES 7 MAIO

52-BLAU

IXA (XIÁN MARTÍNEZ & ELENA CASTELLANOS)

Museo Centro Gaiás, sala 1. Cidade da Cultura | 18.00 H

Estrea absoluta

HORIZONTES ERRANTES

LAURA ARIS, JAKOB JAUTZ, JORGE DA ROCHA

Edificio CINC, salón de convencións. Cidade da Cultura | 19.30 H

ENCONTRO BENVIDA COMANDO DRAMATÚRXICO

CON AFONSO BECERRA

Edificio CINC, salón de convencións. Cidade da Cultura | 20.45 H

VENRES 8 MAIO

HECATOMBE II – MOVEMENTOS E RITUAIS PARA A RENOVACIÓN DO MUNDO

MARTHA HINCAPIÉ CHARRY

Museo Centro Gaiás, sala seminario. Cidade da Cultura | 18.00 e 18.30 H

ENTRECRUZAD@S

OP SIS, JULIANA REYES

Salón Teatro. Santiago de Compostela | 19.30 H

Estrea en España

EL VACÍO

JULIO CÉSAR IGLESIAS UNGO,
COMPAÑÍA COLOMBIANA DE
DANZA CONTEMPORÁNEA,
INCOLBALLET

Museo Centro Gaiás, sala 1. Cidade da Cultura | 21.30 H

Estrea en España

SÁBADO 9 MAIO

LA CALIDESA

SOCIÉTÉ MOUFFETTE

Galería de servizos. Cidade da Cultura | De 11.00 a 14.00 H e de 16.00 a 19.00 H

6 pases. 45 min cada un

ENCONTRO PREVIO ARDER ÉPICA

CON REINALDO RIBEIRO

Museo Centro Gaiás, espazo REGA 2. Cidade da Cultura | 17.00 H

ESTE HIMNO LLEVARÁ LA PALABRA EUFORIA

LA INTRUSA

Edificio CINC, salón de convencións. Cidade da Cultura | 19.30 H

Estrea absoluta

LA CURA

JULIO CÉSAR IGLESIAS UNGO,
COMPAÑÍA COLOMBIANA DE
DANZA CONTEMPORÁNEA,
INCOLBALLET

Museo Centro Gaiás, sala 1. Cidade da Cultura | 21.00 H

Estrea en España

DOMINGO 10 MAIO

ENCONTRO MEDIACIÓN THE AGEING BODY – AGE(ING), BODY AND VISIBILITY

CON SILKE Z. E JULIA SUEIRO

Museo Centro Gaiás, espazo REGA 3. Cidade da Cultura | 12.00 H

FEAR:LESS

SILKE Z. / RESISTDANCE

Museo Centro Gaiás, sala 1. Cidade da Cultura | 17.30 H

Estrea en España

ARDER ÉPICA (CAP. 1)

REINALDO RIBEIRO

Edificio CINC, salón de convencións. Cidade da Cultura | 18.30 H

BLACK BOX. UNHA SAGA ÉPICA

HUGO TORRES

Salón Teatro. Santiago de Compostela | 20.30 H

Estrea absoluta

ENTRADAS:

Á venda a partir do 25 de marzo de 2026 no Museo Centro Gaiás e en Ataquilla

O prezo dos espectáculos é de 9 € (+gastos de xestión) | Descontos aplicables

ENCONTRO COMANDO
DRAMATÚRXICO (xoves 7 de maio). Acceso libre e de balde ata completar capacidade

EN CIFRAS

ARTISTAS E COMPAÑÍAS DE GALICIA, EUSKADI, CATALUÑA, ILLAS BALEARES, ILLAS CANARIAS, MADRID, ALEMAÑA, BÉLXICA, BRASIL, COLOMBIA, CUBA, PORTUGAL, GUINEA ECUATORIAL, MÉXICO, LITUANIA

12^a

12^a edición do Festival

2

Galicia: 2

52-BLAU – iXa (Xián Martínez e Elena Castellanos)

BLACK BOX. UNHA SAGA ÉPICA – Hugo Torres

4

España: 4

ENTRECRUZAD@S – Juliana Reyes (Madrid, Colombia)

LA CALIDESA – Société Mouffette (Illas Baleares, Cataluña)

ESTE HIMNO LLEVARÁ LA PALABRA EUFORIA – La Intrusa (Euskadi, Cataluña)

ARDER ÉPICA (CAP. 1) – Reinaldo Ribeiro (Illas Canarias, Brasil)

5

Internacionais: 5

HORIZONTES ERRANTES – Laura Aris, Jakob Jautz e Jorge da Rocha (Bélxica, Alemaña, Portugal)

HECATOMBE II – MOVEMENTOS E RITUAIS PARA A RENOVACIÓN DO MUNDO – Marta Hincapié Charry (Colombia, Alemaña)

EL VACÍO – Julio César Iglesias Ungo, Compañía Colombiana de Danza Contemporánea, Incolballet (Cuba, Colombia)

LA CURA – Julio César Iglesias Ungo, Compañía Colombiana de Danza Contemporánea, Incolballet (Cuba, Colombia)

FEAR:LESS – Silke Z. resistdance (Alemaña, Lituania)

3

3 estreas absolutas

52-BLAU – iXa (Xián Martínez e Elena Castellanos)

ESTE HIMNO LLEVARÁ LA PALABRA EUFORIA – La Intrusa

BLACK BOX. UNHA SAGA ÉPICA – Hugo Torres

4

4 estreas en Galicia:

ENTRECRUZAD@S – Juliana Reyes

HECATOMBE II – MOVEMENTOS E RITUAIS PARA A RENOVACIÓN DO MUNDO – Marta Hincapié Charry

ARDER ÉPICA (CAP. 1) – Reinaldo Ribeiro

LA CALIDESA – Société Mouffette

3

3 estreas en España de espectáculos internacionais

FEAR:LESS – Silke Z. resistdance

EL VACÍO – Julio César Iglesias Ungo, Compañía Colombiana de Danza Contemporánea, Incolballet

LA CURA – Julio César Iglesias Ungo, Compañía Colombiana de Danza Contemporánea, Incolballet

Institucións colaboradoras:

A Xunta de Galicia, a través da Fundación Cidade da Cultura, organiza *Escenas do cambio 2026* coa colaboración do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música – INAEM, a Axencia Galega das Industrias Culturais, o Centro Coreográfico Galego, o Centro Dramático Galego, o Camões – Centro Cultural Português em Vigo e o Goethe Institute.

REVELESENCIA— Revelación. Resistencia. Reinvención

A directora artística de
Escenas do cambio 2026,
Kirenia Martínez Acosta,
propón unha programación
na que latexan tres correntes
interconectadas: o impulso
do que persiste, o do que se
revela e o que se reinventa. Sen
asignarlle unha categoría ríxida
a cada espectáculo, as obras
entrelázanse na súa materia
con estes tres eixes, e resoan
entre elas.

O convite de Escenas do
cambio vai máis aló de ver
esta ou aquela peza, este
ou aqueloutro artista. A
verdadeira experiencia do
festival está a dialogar con
prácticas escénicas que
entenden a creación como unha
forma de coidado, de escoita e
de recomposición do presente,
na que teñen cabida os saberes
ancestrais, as memorias dos
territorios, os afectos, os
corpos fóra da norma e as
ecoloxías sensibles.

SOIDADES VISIBLES

Nunha sociedade hiperconectada, a soidade sitúase, de maneira paradoxal, no centro. Fronte a ela, *La Calidesa* de Société Mouffette constrúe un dispositivo escénico íntimo e interactivo, desde o que explorar seis historias moi actuais sobre a soidade e a amizade: a das persoas migrantes, a dos condutores nocturnos, a dos menores non acompañados, a das persoas maiores, a de quen buscan afecto en aplicacións virtuais...

O illamento interior faise visible no corpo que intenta manterse a flote en *52-BLAU*, novísima e orixinal produción da compañía iXa, así como na tensión fragmentada dos trece bailaríns que buscan sentido na produción cubano-colombiana *El Vacío*.

A soidade exprésase tamén como exclusión, a que *Entrecruzad@s* leva ao escenario dando voz aos corpos marxinados. Unha peza de teatro físico e danza que se narra desde as cicatrices, convertendo a diferenza nun acto de beleza e de resistencia.

NEGARSE A DESAPARECER

Rescatar memorias, saberes antigos, pegadas humanas e máis que humanas, relatos á marxe da historia oficial. Neste eixe móvense a conferencia escénica *Arder Épica*, de Reinaldo Ribeiro, e a performace con instalación de vídeo inmersivo *Hecatombe II – Movements e rituais para a renovación do mundo*, de Martha Hincapié Charry. Ambas honran a oralidade, o feminino e o ritual como tecnoloxías para preservar a memoria desde a experiencia colectiva.

Desde a exploración da súa propia xenealoxía, a caixa negra (*Black Box*) de Hugo Torres

engade a esta homenaxe o rexistro das persoas anónimas que deixan pegada no mundo sen figurar nos libros.

Os rituais nativos das Américas que Martha Hincapié documenta en vídeo e atravesan o seu corpo dialogan á súa vez coa peregrinación artística pola Selva Negra e o Camiño de Santiago que Laura Aris e Jakob Jautz traducen a danza, música e voz en *Horizontes Errantes*. Dúas propostas escénicas que convidan a repensar a relación do ser humano coa natureza.

EXISTIR BAIXO NOVAS FORMAS

A reinvenção en *Escenas do cambio 2026* pódese entender tanto como unha posición creativa, con obras que exploran o risco, xogan cos límites escénicos e hibridan linguaxes artísticas, como tamén unha aposta de subversión temática.

52-BLAU remodelábase no espazo arquitectónico, *Black Box. Unha saga épica* convidanos a unha cea no escenario, *La Calidesa* encapsula narrativas de soidade... Pero tamén a compañía La Intrusa celebra o seu 30 aniversario en *Escenas do cambio* coa estrea de *Este himno levará la palabra Euforia*. Unha peza que

transforma o colapso en resistencia e o esgotamento en celebración lúcida. *Fear:less*, pola súa parte, muta o medo colectivo en tacto e vulnerabilidade compartida, dinamitando a distancia dos corpos nun exercicio de esforzo brutal e sincero por sosterse xuntos. Por último, *La Cura* afronta o cambio desde a comprensión da súa totalidade: a loita, a ruptura, a resistencia e a beleza que emerxe da entrega. Unha obra na que a tensión entre ferida e curación que se manifesta nos corpos dos bailaríns vibra tamén no público.

AMPLIFICAR A EXPERIENCIA ARTÍSTICA

ENCANTRO PREVIO A ARDÉR ÉPICA – Un rito de sobremesa e tesoiras no que convidamos a mulleres de todas as idades a achegar a súa memoria, o seu silencio e o seu desexo de tecer unha colaxe en común.

ENCANTRO THE AGEING BODY – Unha experiencia de mediación artística e convivencia vinculada á peza *FEAR:LESS*. Dirixida a persoas adultas, con especial atención a maiores que non frecuentan habitualmente a danza contemporánea.

COMANDO DRAMATÚRXICO – Coordinado un ano máis por Afonso Becerra, este grupo diverso mantén unha presenza transversal no festival que espalla o pensamento escénico máis alá dos escenarios, activando espazos de diálogo, encontro e coidado compartido.

DIÁLOGO CREATIVO TRANSNACIONAL

Esta edición de *Escenas do cambio* destaca tamén por reflectir a cada vez máis aberta colaboración entre compañías e artistas de diferentes orixes. As artes escénicas como territorio libre e cun foco destacado no diálogo creativo entre Europa e as Américas. O programa integra ata oito coproducións internacionais (*El Vacío, La Cura, Fear:less, Hecatombe II, Arder Épica, Black Box, Horizontes Errantes, Entrecruzad@as*), e tres a nivel nacional (*52-Blau Este himno levará la palabra Euforia* e *La Calidesa*). As obras con ADN galego non son alleas a esta tendencia, e así vemos a conexión Galicia-Euskadi-Navarra da compañía iXa, que presenta unha obra co-producida polo Centro Coreográfico Galego; e a ligazón Galicia-Portugal na obra que Hugo Torres prepara co apoio do Centro Dramático Galego, Trigo Limpo (PT) e o FITEI do Porto.

52-BLAU

IXA



GALICIA, EUSKADI,
NAVARRA | 9 €

Xoves 7 de maio
18h

Cidade da Cultura
| Museo Centro
Gaiás, sala 1

ESTREA ABSOLUTA

52-BLAU é unha obra que xira ao redor da soidade acompañada, que muda e se transforma segundo a arquitectura do espazo. Cinco intérpretes nun intento de sobrevivir a un naufraxio na inmensidade dun espazo infinito, onde o individuo afoga no baleiro dun océano cheo de estímulos, persoas e información.

Case una oda á adaptación no medio do trebón, onde un corpo bate coa soidade e trata de saír a flote.

52-BLAU habita a tristura nun contexto onde os corpos son incapaces de comunicarse. Unha mirada baixo a auga que só consegue observar o azul intenso do ceo, o mar e o infinito.

iXa

iXa nace como unha compañía de danza con identidade mixta entre Galicia, Euskadi e Navarra que ten como eixo artístico a

creación escénica contemporánea pensada especificamente para públicos non especialistas, traballando con dramaturxias accesibles e elementos que conecten co imaxinario colectivo.

Entre os seus proxectos sobresaen *Pioneiras//Aitzindariak*, estreada en 2021 e cunha clara proxección internacional e *Nik•Eu 2.0* (2024) e *Ollos cara dentro* (2023), peza curta para espazos non convencionais que recibiu un total de 13 premios nos certames e festivais máis importantes do estado español. iXa creou obras para outras plataformas como a EDCM de Montreal, A compañía DAB de Euskadi ou o CDAN de Lugo. Ademais foi convidada aos centros de formación máis importantes do país como o Conservatorio Superior de Madrid e o Institut do Teatre para compartir a súa metodoloxía e repertorio cos futuros profesionais do sector.

HORIZONTES ERRANTES

LAURA ARIS, JAKOB JAUTZ, JORGE DA ROCHA

BÉLXICA, ALEMAÑA,
PORTUGAL | 9 €

Xoves 7 de maio
19.30h

Cidade da Cultura |
Edificio CINC, salón
de convencións



Horizontes Errantes nace de dúas travesías a pé realizadas en xullo e setembro do 2025: de Tübingen a Freiburg (a través da Selva Negra, Alemaña) e desde o Val do Trubia (Asturias) ata Santiago de Compostela, seguindo o Camiño Primitivo.

Durante 14 días en cada territorio, Laura Aris e Jakob Jautz camiñaron atravesando paisaxes, recollendo as súas atmosferas e calidades, así como os encontros cos seus habitantes humanos e máis-que-humanos, parte esencial do proceso creativo e do pensamento ecolóxico e poético que inspira a obra.

A peza traduce esta experiencia á linguaxe do corpo, a danza, a música, a voz e a instalación, nun intento de prolongar a memoria do camiño e dar espazo ás voces atopadas, convertendo os corpos en arquivo vivo dun pasado recente.

“We choose to remain hopeful” (Decidimos manter a esperanza) foi o mantra que acompañou o proceso. Imaxinar futuros esperanzadores é tamén unha forma de resistencia e compartilos, unha práctica de creación colectiva.

Esta obra contou co apoio do programa de Residencias Artísticas do Gaiás 2025.

Laura Aris é unha intérprete, coreógrafa e profesora de danza española amplamente coñecida polas súas habilidades interpretativas e polo seu labor pedagóxico internacional, cunha carreira que abrangue prestixiosas compañías de danza (Lanònima Imperial, Última Vez) e proxectos artísticos independentes. Actualmente desenvolve a súa práctica creativa desde Bélxica, combinando proxectos por encargo, actuacións en solitario e numerosas colaboracións con outros artistas. O seu interese é fomentar o diálogo

continuo coa danza contemporánea, con outras disciplinas e tamén na relación entre intérpretes e o público.

Jakob Jautz estudou circo contemporáneo na Fontys-ACAPA dos Países Baixos e expandiu a súa formación na Salzburg Experimental Academy of Dance, completando en 2018 a mestría en danza e coreografía. O seu traballo céntrase na relación entre o mundo humano e o máis que humano, desenvolvendo tanto proxectos performativos (*Traces*, 2022; *Horizontes Errantes*, 2025) como de formación, a través da práctica da *based landscape choreography* (coreografía baseada na paisaxe). Tamén colabora coa Universidade de Tübingen en proxectos relacionados cos dereitos da Natureza, a relación home-natureza e o activismo sensible. É membro fundador do Performing Arts Collective de Tübingen e participa da residencia e espazo para eventos Station Circus.

Jorge da Rocha é un músico, compositor, produtor e cantante portugués con base en Barcelona, coñecido pola forma na que explora o son do contrabaixo, combinándoo con voces, guitarra eléctrica, percusión e *live-looping*. Logo de traballar e actuar en diferentes proxectos musicais na escena de Barcelona e Berlín, lanzou en 2016 a súa carreira en solitario cos álbums *These Are a Few of My Favourite Songs* (2016), *To Drop and Let Go* (2017), *BLAU – Being Lost As Usual* (2020) e *Lartic Soundtracks Vol. 1* (2025). Ten actuado en escenarios de toda Europa, Asia e América Latina, e compón tamén bandas sonoras para cine, teatro e danza.

HECATOMBE II— MOVEMENTOS E RITUAIS PARA A RENOVACIÓN DO MUNDO

MARTHA HINCAPIÉ CHARRY



COLOMBIA, ALEMAÑA | 9 €

**Venres 8 de maio
18h e 18.30h**

Cidade da Cultura
| Museo Centro
Gaiás, sala
seminario

HECATOMBE II – Movements e rituais para a renovación do mundo é unha instalación de vídeo inmersiva con performace en vivo na que os participantes se atopan con tres líderes nativos das primeiras nacións das chamadas Américas: Colombia, Estados Unidos e a Amazonia.

Un encontro que documenta e pon en valor o coñecemento ancestral indíxena, as súas danzas, rituais e cerimoniais para crear un espazo de reflexión sobre a relación dos seres humanos coa natureza.

A obra entrelaza corpo, saberes ancestrais e tecnoloxía, propoñendo unha experiencia ritual e ecofeminista onde memoria, espiritualidade e ecoloxía se cruzan. É unha ofrenda, un xesto de renovación ante o esgotamento do mundo, un chamamento a volver á terra como lugar de comunión e escoita.

NOTA: O público poderá moverse libremente polo espazo e descalzarse para entrar en contacto coa terra que cubre o chan do espazo escénico.

Martha Hincapié Charry

Colombiana de orixe indíxena, Martha Hincapié Charry defínese como artista, coreógrafa, intérprete e curadora BIPOC (negra, indíxena e de cor) centrada na descolonización, e vive en Berlín. Estudou na Universidade Folkwang de Essen baixo a dirección de Pina Bausch e na Universidade das Artes UdK de Berlín. En 2019 recibiu a Bolsa Pina Bausch de danza e coreografía. O seu traballo foi convidado a festivais e salas de Europa, Asia e as Américas.

É a directora artística de Plataforma/SurReal Berlín desde 2011. En 2021/22 foi curadora asociada en Radialsystem, Berlín. No seu traballo, abre un espazo de diálogo entre continentes no que, a través dunha reflexión interseccional, aborda os temas do caos climático, o (de)colonialismo e a relación entre a arte, o humano/máis que humano, e o mundo visible e invisible.

ENTRECRUZAD@S

OPSIS, JULIANA REYES



MADRID, COLOMBIA,
MÉXICO E GUINEA
ECUATORIAL | 9 €

Venres 8 de maio
19:30h

Santiago de
Compostela | Salón
Teatro

En *ENTRECRUZAD@S*, cinco intérpretes desvelan os estigmas que os abocan á exclusión. Estigmas que moitas veces diferencian e convarten as persoas en seres menosprezados ou vítimas de discriminación.

Nun mundo esteticamente ideal, onde o benestar é obriga e a positividade un mandato, aparece unha figura estraña, un forasteiro, unha fenda. Desá creba emerxen os corpos reais: imperfectos, híbridos, fermosos nos seus desaxustes. Corpos que non entran na norma, que non teñen patria, que non teñen xénero pechado, que cargan o peso dos prexuízos.

A través do movemento, o ritmo, a voz, o silencio e a respiración, estes cinco intérpretes constrúen unha partitura viva sobre o desarraigamento, a identidade, a exclusión e a posibilidade de comunidade. Non se trata de contar unha historia, senón de encarnar moitas. Cada corpo narra desde as súas cicatrices. Cada xesto convértese en fronteira ou refuxio. Cada acción, nun acto de resistencia poética.

ENTRECRUZAD@S abre preguntas como feridas. Preguntas sobre o corpo que

habito, o lugar que ocupo, a mirada que me define e o desexo de pertencer sen deixar de ser quen son.

Juliana Reyes

Prestixiosa dramaturga e directora de escena colombiana, radicada en Madrid. Creou máis de corenta obras escénicas, moitas delas recoñecidas internacionalmente. Entre as súas pezas máis premiadas destacan *La Mirada del Avestruz*, *Frenesí y Estela*, con galardóns como o Premio do Público a Mellor Espectáculo no Festival de Almada (Portugal) e o Premio a Mellor Espectáculo de Danza na Feria Internacional de Teatro y Danza de Huesca (España). En Colombia, foi distinguida co Premio Nacional de Danza en 2023.

Coa súa compañía de danza, L'Explose, levou as súas creacións a escenarios de prestixio mundial. Actualmente, dirixe OPSIS Producciones en Madrid e a Fundación L'Explose en Bogotá, consolidando redes e creacións culturais que impulsan a arte escénica cunha visión innovadora e transfronteiriza.

EL VACÍO

JULIO CÉSAR IGLESIAS UNGO, COMPAÑÍA COLOMBIANA DE DANZA CONTEMPORÁNEA, INCOLBALLET



COLOMBIA, CUBA | 9 €

Venres 8 de maio
21:30h

Cidade da Cultura
| Museo Centro
Gaiás, sala 1

A decadencia espiritual preséntase en *EL VACÍO* como un espello da sociedade contemporánea onde a fragmentación interna dos individuos reflicte a desconexión colectiva e a loita por atopar un sentido nun mundo que parece desintegrarse.

Unha obra de danza cunha potencia visual e física espectacular, na que os intérpretes encarnan a perda do propósito e a desconexión co eu, mostrando como as presións externas e a procura superficial de salvación conducen a unha crise espiritual compartida.

Julio César Iglesias Ungo. Egresado da Escola Nacional de Danza (Cuba) como bailarín e profesor de danza moderna e contemporánea. É coreógrafo residente de Danza Contemporánea de Cuba, de Tanzhaus NRW Dusseldorf, e en Pumpenhaus Munster, ambas en Alemaña. Participou tamén en compañías como Unusual's Symptoms (Samir Akika), La Intrusa (Damián Muñoz e Virginia García), Última Vez (Wim Vandekeybus), Susana Linke, Soit Company (Hans Van Den Broeck), A Macana- (Alexis Fernandez e Caterina Varela), Renegade Company e Helka (Helder Seabra). Como mestre,

desenvolveu nos últimos anos un método chamado "inner tools" (ferramentas internas). É mestre habitual en MTD School of Amsterdam (Holanda), ARTEZ Academy for Theatre and Dance (Holanda), ZZT Cologne (Alemaña) e Tanzhaus NRW Dusseldorf (Alemaña).

Compañía Colombiana de Danza Contemporánea. Fundada no ano 2015, destácase polo seu compromiso coa excelencia artística e a promoción da danza contemporánea en Colombia. Cun elenco composto principalmente por bailaríns egresados do Instituto Colombiano de Ballet Clásico INCOLBALLET, a compañía busca fomentar un ambiente de colaboración onde artistas de diversas orixes e estilos poidan contribuír á riqueza e variedade das súas producións.

Participou en numerosos eventos nacionais en Colombia e en festivais internacionais de Cuba, Ecuador ou Surinam, entre outros. Tamén contou coa participación de coreógrafos internacionais como Jorge Abril Santander, Julio César Iglesias Ungo, Davy Brun, Redha Benteifour, Susana Pous, Mathieu Guilhaumon ou Arlai González.

LA CALIDESA

SOCIÉTÉ MOUFFETTE



ILLAS BALEARES,
CATALUÑA | 9 €

Sábado 9 de maio
11h, 12h 13h,
16h, 17h, 18h

Cidade da Cultura |
Galería de servizos

LA CALIDESA preséntanos seis historias sobre soidade e amizade. Seis situacións de silencio e paisaxes desertos, personaxes perdidas en lugares de vida non desexados aos que a presenza e o acompañamento doutra persoa verten algo de luz baixo a que poder continuar.

Estas seis cápsulas abrirannos a realidades cotiás, nunha sociedade na que o cotián engloba xa o mundo enteiro: a emigración, o envellecemento da poboación mundial, a mobilidade internacional, o modelo da sociedade de consumo, a mercantilización do ser, etc.

A soidade é silenciosa e avanza lentamente, ás veces nin nos damos conta, pero vai conquistando espazos, e para cando reparamos nela o dano xa é profundo e estrutural.

LA CALIDESA é unha chamada aos coidados, unha alerta lanzada ás nosas vidas para que volvamos conquistar os espazos compartidos e lancemos luz sobre posibles soidades propias ou alleas, para que valoremos e reforcemos a amizade, a compañía do outro, ás nosas compañeiras de vida.

Société Mouffette

Fundada en 2013 pola actriz e directora Vera González, os seus proxectos están á procura de novas linguaxes dentro do espectro visual e da plástica escénica, doutras formas de comunicación entre o público e o feito teatral, doutras poéticas da dramaturxia.

Co seu primeiro espectáculo, *OVIDIA*, gañaron o premio CENIT á mellor posta en escena e o MQVE-AWARD 2015 (More Quality Visual Theatre for Europe), iniciando unha xira internacional que os levou a festivais en Alemaña, Lituania, República Checa e Francia.

Despois, iniciaron unha colaboración coa compañía mallorquina COMA14, coa que a día de hoxe coproduciron tres espectáculos: *LA DISTANCIA* (cápsulas de memoria), obra multidisciplinar que trata da memoria dos meses do 2020 nos que vivimos o confinamento; *LA CALIDESA*, estreada no Teatre Lliure en xullo 2025 e *CUENTO DE NAVIDAD* (Encapsulando a Dickens), gañador do Premio MAX ao Mellor espectáculo para público infantil, xuvenil ou familiar e finalista ao MAX á Mellor versión ou adaptación de obra teatral; premio FETEN 2024 á Mellor Adaptación Literaria e Premio Drac D'or ao Mellor espectáculo para público familiar.

ESTE HIMNO LLEVARÁ LA PALABRA EUFORIA

LA INTRUSA



EUSKADI, CATALUÑA | 9 €

**Sábado 9 de maio
19:30h**

Cidade da Cultura |
Edificio CINC, salón
de convencións

ESTREA ABSOLUTA

Dous anos despois do seu paso polo festival, a prestixiosa compañía La Intrusa elixe *Escenas do cambio* para celebrar o seu 30 aniversario cun himno.

Este himno pretende honrar o impulso vital. Invocar unha forma colectiva de sosterse. E facelo xuntas. Porque un himno non se canta só.

Unha lucidez con formas de delirio, que coa súa cómica ebriedade, revela cal é a substancia do triunfo e o fracaso das expectativas que todos soñamos. Coroados por esta nova liberdade e obsesionados por transcendernos a nós mesmas, creamos este himno que non parte da esperanza, senón do impulso.

La Intrusa

La Intrusa é unha compañía fundada e dirixida por Virginia García e Damián Muñoz. A súa obra, de fisicalidade precisa e poética visual, fusiona danza, teatro e artes visuais. Presentou as súas pezas en máis de 30 países e recibiu, entre outros, o Premio Nacional de Danza 2015 pola súa excelencia e integración de novas linguaxes. Combinan a creación, dirección e interpretación de obras propias con encargos coreográficos para outras compañías, así como a súa faceta pedagóxica, tanto a nivel nacional como internacional.

LA CURA

JULIO CÉSAR IGLESIAS UNGO, COMPAÑÍA COLOMBIANA DE DANZA
CONTEMPORÁNEA, INCOLBALLET



COLOMBIA, CUBA | 9 €

Sábado 9 de maio
21h

Cidade da Cultura
| Museo Centro
Gaiás, sala 1

La Cura é unha peza de danza que se constrúe desde a comprensión de que todo proceso de cambio, transformación e renacemento implica unha forza que pode parecer violenta, pero que é esencialmente natural. Así como os volcáns modelan a terra ou o nacemento ocorre entre dor e sangue, a vida maniféstase nun constante equilibrio entre caos e orde.

A peza revela que o sandar e volver conectar coa nosa esencia non son camiños suaves nin lineais, senón experiencias de ruptura e sacudida interna que nos obrigan

a confrontar o máis cru do noso ser. Non se idealiza a transformación; expónse na súa totalidade: a loita, a ruptura, a resistencia, e tamén a beleza que emerxe da entrega. É unha viaxe onde o corpo se converte en territorio de tensión entre ferida e curación, convidando o espectador non só a observar, senón a sentir en si mesmo ese tránsito profundo e visceral.

FEAR:LESS

SILKE Z. / RESISTDANCE



ALEMAÑA, LITUANIA | 9 €

Domingo 10 de maio 17.30h

Cidade da Cultura
| Museo Centro
Gaiás, sala 1

A escalada de diversas crises globais agudas semella condensarse cada vez máis nun estado colectivo de medo, modelando o comportamento humano no proceso. *Fear:less* explora as condicións sociais do medo e cuestiona o papel do corpo neste contexto.

Canta incerteza pode soportar un corpo? Convértese o contacto físico nun risco? Estamos a perder a conexión cos demais?

Nun *pas de deux* implacable e desafiante, os bailaríns Dmitrijus Andrušanecas e Hanna Held buscan unha intensa conexión física entre eles. Entréganse ao outro, desafían a súa contraparte e exploran con determinación o que significa ser *Fear:less*.

Silke Z.

Silke Z. investiga novas vías para o desenvolvemento artístico na danza contemporánea. Ela e o seu elenco entenden a danza como unha expresión das sensibilidades humanas e como un camiño para facer visibles diferentes perspectivas e iniciar diálogos. Desde 1999 dirixe Silke Z. resistdance, compañía con sede en Alemaña coa que desenvolveu máis de 40 producións de danza tanto no país como no estranxeiro. Promove a participación como xeradora de identidade e formatos innovadores de mediación na danza contemporánea, e fundou os *ehrenfeldstudios* en Colonia e a rede de ámbito internacional *studiotrade*.

ARDER ÉPICA (CAP. 1)

REINALDO RIBEIRO



BRASIL, ILLAS CANARIAS | 9 €

Domingo 10 de maio 18.30h

Cidade da Cultura | Edificio CINC, salón de convencións

O incendio que consumiu o Museo Nacional do Brasil en 2018 non só destruíu artefactos: devorou memorias. Das cinzas, *ARDER ÉPICA*.

Quen se responsabiliza desa perda?
E que acontece se xa non estamos para contar a HISTORIA?
Quen a contará por nós?

Fronte ás narrativas oficiais que o incendio silenciou para sempre e atravesada por un segredo familiar, Reinaldo Ribeiro crea unha conferencia na que o corpo se converte en voz e en territorio de disputa.

ARDER ÉPICA honra a oralidade como tecnoloxía ancestral para contar aquilo que os arquivos non puideron preservar. Unha épica alternativa que desafía as narrativas patriarcais sobre a memoria e propón novas formas de lembrar desde o colectivo, o corporal, o sagrado e o feminino.

Este é o último capítulo dunha triloxía que Reinaldo Ribeiro comezou do final cara ao

principio, 3, 2, 1. O capítulo 3, sobre a súa experiencia coa negritude, e o capítulo 2, sobre a ollada do espectador cara á alteridade exhibíronse en *Escenas do cambio 2025*. Agora, no capítulo 1 comparte a súa intimidade nun acto público, "como sabotaxe dun sistema patriarcal baseado no silencio e na mentira".

Reinaldo Ribeiro

Artista brasileiro "Transoceánico · Bitch Conceptual · Amante Afrofuturista". O seu traballo transita entre os eidos da coreografía, as artes vivas e o *perreo cósmico*. Explora o que el define como o concepto 4P: a relación entre o político, o poético, o persoal e o patético. Ten un interese especial pola escena expandida e polas prácticas e proxectos que activan o pensamento e a ollada decolonial. É creador e *performer* e cofundador do colectivo Lamajara (Barcelona).

BLACK BOX. UNHA SAGA ÉPICA

HUGO TORRES



GALICIA, PORTUGAL | 9 €

Domingo 10 de maio 20.30h

Santiago de Compostela | Salón Teatro

ESTREA ABSOLUTA

Que teñen en común un mariñeiro da armada de Vasco da Gama, o dono dunha hospedaría do século XVIII, un pirata xusticeiro, un mestre de esgrima dun rei, unha mestra rebelde, un pintor que cruza o mar a remos, unha muller que escribe o dicionario dun país, ou un vendedor de coches que viviu máis rápido ca eles?

Todos forman parte da mesma familia: a de Hugo Torres.

Black Box é unha homenaxe ás persoas anónimas que deixan pegada no mundo sen figurar nos libros, unha viaxe escénica pola memoria persoal e familiar que se converte nun relato épico sobre a identidade, a herdanza e o desexo de construír un futuro mellor.

Un espazo onde a palabra e o corpo convidan a escoitar e imaxinar, ralentizando o tempo e abrindo un territorio para a emoción e a memoria colectiva.

Hugo Torres

Hugo Torres é actor, músico, compositor e director artístico. Comeza a súa traxectoria aos seis anos na compañía Trigo Limpo de Tondela. Nos anos noventa trasládase a Porto onde se licencia en Teatro/ Interpretación na ESMAE (Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo). Dende 1996 e ata o 2006 forma parte do elenco estable do Teatro Nacional São João de Porto. A inicios do 2000 trasládase a Barcelona a estudar cine no CECC e desde 2007 vive en Santiago de Compostela onde funda a compañía Voadora, da que foi director artístico con Marta Pazos ata o seu peche no 2022. Conta cun Premio María Casares XVII á Mellor Música Orixinal por *Tokio3*.

Mediación, coidado, inclusión

As actividades de mediación están pensadas como unha extensión de *Escenas do cambio* que amplifican o alcance da experiencia artística e a relación cos públicos do festival máis aló da súa asistencia aos espectáculos. Ademais da figura xa familiar do Comando Dramatúrxico, que coordina desde hai tres edicións o profesor e dramaturgo Afonso Becerra, nesta edición 2026 o festival inclúe unha xornada de convivencia e obradoiro con foco nas persoas maiores vinculado á peza *Fear:less*, de Silke Z, así como unha convocatoria de Reinaldo Ribeiro a mulleres de todas as idades para explorar a memoria desde a conversa libre e a creación dunha colaxe en común, que alimentará a representación de *Arder Épica* ao día seguinte.

COMANDO DRAMATÚRXICO

ENCANTRO BENVIDA

Xoves 7 de maio 20.45h

De balde | Cidade da Cultura | Edificio CINC, Salón de convencións

O Comando Dramatúrxico leva desde 2024 observando, pensando e documentando o festival desde dentro. A súa práctica combina a crítica e a escritura cun traballo de mediación viva entre artistas e públicos, facendo da observación un acto creativo.

O xoves 7 de maio, nun primeiro encontro de apertura, o Comando Dramatúrxico convida ao público a conversar ao redor da *Revelencia* que articula a dramaturxia de *Escenas do cambio 2026* e de *Horizontes Errantes*, a peregrinaxe artística que no primeiro día de festival presentan Laura Aris e Jakob Jautz.

Antes e despois de cada espectáculo, as persoas que integran o Comando activarán **micro-conversatorios flotantes**, improvisados e abertos, para compartir expectativas, impresións e emocións.

Un café ou unha bebida ao gusto o **sábado día 9 pola mañá**, despois de viaxar en *La Calidesa*, será outra boa ocasión para conversar e afondar nas historias

de soidade e amizade que traslada esta instalación performativa.

Durante os catro días do festival, de xeito transversal, o Comando Dramatúrxico analiza, conversa, publica e traduce o que acontece en múltiples linguaxes: textos, imaxes, entrevistas, fanzines e podcasts. A súa presenza física e nas redes espalla o pensamento escénico máis aló dos escenarios, activando espazos de diálogo, encontro e coidado compartido.

Forman o Comando Dramatúrxico de *Escenas do cambio 2026*:

Afonso Becerra de Becerreá. Dramaturgo, director de escena e profesor na ESADG.

Amantia Coello. Creadora e investigadora comprometida coa intervención sociocomunitaria a través das artes escénicas.

Julia Sueiro Fojón. Xestora cultural especializada en danza contemporánea e inclusiva.

Ginés Amoedo Alén. Alumno da ESADG e colaborador de *erregueté* / *Revista galega de teatro*.

Tyler Mckechnie. Creador escénico, educador, fundador da compañía Oístes?Teatro.

ENCONTRO PREVIO

ARDER ÉPICA

REINALDO RIBEIRO

Sábado 9 de maio 17.00h

Cidade da Cultura | Espazo REGA 2

Nesta actividade Reinaldo Ribeiro propón crear un espazo de conversación libre, sen xerarquías, onde mulleres de distintas idades poidan falar e crear desde a colaxe explorando a memoria e o silencio como dúas caras dunha mesma moeda.

Durante o encontro e a través da colaxe, as participantes activarán algunhas preguntas que son a base do novo traballo,

Arder Épica, primeiro capítulo da triloxía de Reinaldo Ribeiro que investiga sobre a cor vermella, a memoria e a identidade. A actividade conecta tamén cos capítulos anteriores presentados en *Escenas do Cambio 2025*.

Actividade dirixida especificamente a mulleres de todas as idades (máximo de 15 prazas).

Inscripcións abertas ata o 30 de abril. Máis información en escenasdocambio.org

ENCONTRO MEDIACIÓN

THE AGEING BODY – AGE(ING), BODY AND VISIBILITY

JULIA SUEIRO E SILKE Z.

Domingo 10 de maio 12.00h

Cidade da Cultura | Espazo REGA 3

En coherencia coa aposta de *Escenas do cambio* por abrir a programación de artes vivas a procesos de participación comunitaria, este encontro de mediación artística vinculado á peza *Fear:less* sitúa o corpo nun lugar de exposición, risco e relación, onde a confianza, a escoita e a atención á outra persoa se converten en materiais centrais do proceso artístico.

A combinación de creación, investigación e pedagogía que atravesa a práctica de Silke Z., así como o seu interese por xerar espazos de encontro interxeracional e de intercambio con persoas non profesionais,


conecta de maneira directa coa intención desta xornada intensiva de convivencia.

A proposta articúlase como unha experiencia de mediación e convivencia ao redor da creación contemporánea, combinando a participación nun taller, a asistencia á función e espazos compartidos de contextualización, diálogo e reflexión colectiva. Está dirixida a un grupo diverso de persoas adultas, con especial atención a persoas maiores que non frecuenta habitualmente a danza contemporánea.

A selección das participantes está a realizarse en colaboración con entidades, colectivos e asociacións locais da contorna de Santiago de Compostela.

Julia Sueiro Fojón.- É xestora cultural especializada en danza contemporánea e inclusiva, con experiencia no deseño, planificación e coordinación de proxectos culturais. Traballou na produción executiva en compañías de danza e na xestión e acompañamento de equipos artísticos. Conta ademais con traxectoria no ámbito museístico, documentación, catalogación e educación non formal.

Os escenarios



CIDADE DA CULTURA

Monte Gaiás, s/n
Santiago de Compostela

A Cidade da Cultura preséntase como un motor para impulsar proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía e un punto de conexión de Galicia co resto do mundo. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, esta cidade que parece xurdir da terra eríxese como unha icona arquitectónica da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo acolle cinco centros destinados á cultura, ao emprendemento, á tecnoloxía e á investigación e colaboración interuniversitaria: o Museo Centro Gaiás, a Biblioteca e Arquivo de Galicia, o Centro de Emprendemento Creativo, o Centro de Innovación Cultural (CINC) e o Edificio Fontán, todos eles vinculados á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude do goberno galego e á Consellería de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional, da Xunta de

Galicia. Ademais, o complexo conta con grandes espazos verdes nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable ou asistir a espectáculos ao aire libre.

En Escenas do cambio 2026 serán escenario dos espectáculos do festival os seguintes espazos do Gaiás:

Museo Centro Gaiás

Principal escenario de Escenas do cambio desde a súa primeira edición. A súa beleza e flexibilidade convierten a este edificio da Cidade da Cultura de Galicia no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas.

Andar -1: Sala 1

Andar 0: Sala seminario
Espazos REGA

Galería de servizos do Gaiás

Galería de túneles que percorre os sotos do complexo e conecta entre si os diferentes edificios da Cidade da Cultura. Empregado de maneira principal para facilitar o acceso de

materiais a cada espazo e tamén como escenario de espectáculos escénicos e musicais.

Edificio CINC

Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega. Ten varios auditorios para a celebración de eventos ou espectáculos, entre os que se atopa o Salón de Convencións.

SALÓN TEATRO

Rúa Nova, 34 - Santiago de Compostela

Situado na zona histórica de Santiago de Compostela e xestionado na actualidade pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, a través de Agadic, o Salón Teatro acolle a exhibición en Compostela de todas as producións do Centro Dramático Galego — que ten aquí a súa sede —, ademais dunha programación aberta ás distintas disciplinas escénicas, á música e ao cinema. A súa capacidade é de 272 butacas.

MAPA DE ESPAÇOS DE ESCENAS DO CAMBIO NA CIDADE DA CULTURA

- Acesso con vehículo
- Acesso peonil / peatonal



ESCENAS DO CAMBIO

FESTIVAL DE TEATRO,
DANZA E ARTE EN ACCIÓN

7 – 10 maio 2026

Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia
Santiago de Compostela

Dossier de prensa



Xacobeo  2027



MINISTERIO
DE CULTURA



CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO



CENTRO
COREOGRÁFICO
GALEGO



GOETHE
INSTITUT

